1.-ORGANIZACIÓN

A Asociación de Veciños “Os Irmandiños” de O Val e o Club Atletismo Narón en colaboración co Padroado de Deportes do Concello de Narón e a Asociación Nosa Señora de Chamorro, organizan a primeira edición da **I Carreira e Andaina Solidaria Senda Ártabra (pola saúde cardiovascular)** o vindeiro domingo 13 de outubro, baixo o control técnico da Federación Galega de Atletismo, a través da súa delegación en Ferrol.

É unha proba incluída no Calendario Oficial da FGA coa distancia non homologada.

O obxectivo primordial deste evento é o conseguir o finanzamento necesario para conseguir un desfibrilador para o Local Social do Val a través da adquisición de pulseiras solidarias pertencentes ao Proxecto Salvavidas incluídas na cota de inscrición.

2.-PARTICIPANTES

A participación está aberta a todas as persoas federadas ou non, indepentemente da súa idade cunha clasificación conxunta. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.

Cada corredor/a ou camiñante (andaina) participa baixo a súa responsabilidade e dispón dun nivel de condición física suficiente para afrontar a proba.

3.-LUGAR, HORA DE SAÍDA E CATEGORÍAS

Saída: Desde a explanada da Asociación Nosa Señora de Chamorro, no Camiño de Calzada nº 16 (antigo Lgar do Cruceiro s/n), O Val. 15541. Narón

Haberá dous percorridos. Un de 6,8 km para a carreira e outro de 5 km para a andaina. A carreira discorrerá polo Camiño da Calzada, Camiño de Grandal, Estrada da Fraga, Camiño de Vilasuso, Pena Molexa, Senda Ártabra, Campo do Abeal, A Pedreira, Bardás, Camiño da Igrexa, Estrada da Fraga, Camiño de Grandal e Camiño da Calzada

A andaina discorrerá polo Camiño da Calzada, Camiño de Grandal, Estrada da Fraga, Camiño de Vilasuso, Pena Molexa, Camiño dos Outeiros, Estrada de Baltar, Estrada da Fraga, Camiño de Grandal, Camiño da Calzada.

CATEGORÍA	ANO DE NACEMENTO	HORA	DISTANCIAS
Adultos	2003 e anteriores	10:00 h	6.8 km aprox.
Andaina	Todas as idades	10:05 h	5 Km aprox.
Sub 14 e Sub 16	2007 – 2006 e 2005 - 2004	10:45 h	1.000 m aprox.
Sub 12	2009 - 2008	11:00 h	500 m aprox.
Sub 10	2011 - 2010	11:15 h	500 m aprox.
Prebenxamín	2012 - 2013	11:25 h	100 m aprox.
Pitufos	2014 e posteriores	11:30 h	50 m aprox.
ENTREGA DE PREMIOS A PARTIR DAS 12:00 horas			

4.-INSCRICIÓNS

As inscricións faranse a través da páxina www.carreirasgalegas.com, rematando o prazo ás 23:59 horas do mércores 9 de outubro. Non poderán tramitarse inscricións o mesmo día da proba.

As inscricións terán un custo de 6€ para a categoría de adultos/as e 1€ para os menores, tanto na andaina coma na carreira.

A recadación irá destinada á adquisición dun desfibrilador para o local social do Val. Se houbese maiores beneficios, estes serán destinados a unha ONG comarcal.

Así mesmo dentro da propia páxina, será posible, colaborar con:

- DORSAL 0: Donativo de 2, 5, 10, 20 ou 50 Euros para quen non poida participar na carreira.
- Donativo: Todas aquelas persoas participantes na proba absoluta que desexen realizar un donativo a maiores do custo da inscrición.

A Organización resérvase o dereito para rexeitar calquera inscrición que non acepte os termos e condicións do evento que queden expostos no presente regulamento. En caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non reflectida no mesmo, estarase ao que dispoña a organización.

5.-RETIRADA DE DORSAIS

A retirada de dorsais efectuarase nun punto de recollida situado nas instalacións de Decathlon Ferrol (Estrada de San Pedro s/n. 15405. Ferrol) **o Venres 11 de Outubro en horario de 18:00 a 21:00 horas e o Sábado día 12 en horario de 10:00 a 13:00 horas**. O mesmo día da proba tamén se poderá efectuar a retirada do dorsal na secretaría ubicada nas inmediacións da saída, dende as 09:00 h ata media hora antes de cada proba. O dorsal estará situado no peito e terá que ser visible ao longo de toda a proba.

6.-SERVIZOS

A organización disporá de asistencia sanitaria con ambulancia, así como duchas e gardarroupa para deixar as pertenzas sitos estes últimos no pavillón polideportivo municipal sito á beira da saída e chegada. Ao finalizar cada carreira haberá servizo de avituallamento para cada participante, que constará da entrega dunha mochila na que se incluirán ademais de bebida, produtos donados polos nosos colaboradores e tamén unha camiseta (ata as 500 unidades). A proba conta cun seguro de Responsabilidade Civil e un seguro de accidentes deportivos para os participantes.

7.-TROFEOS E PREMIOS

Os premios serán repartidos da seguinte maneira:
- Medallas conmemorativas para todos/as ata a categoría sub 12 (inclusive)
- Trofeos para o 1º, 2º e 3º clasificados/as en cada categoría tanto en masculinos como femininos dende Sub 14 ata a categoría adultos (só para a carreira)
-Sorteos de produtos de entidades/empresas que colaboran desinteresadamente. Realizaranse usando como referente o número de dorsal adxudicado a cada participante no momento da inscrición. O devandito sorteo realizarase o día 10, unha vez pechada a inscrición, a través dunha aplicación específica e os premios serán entregados ao remate da carreira o propio día 13.

8.-VEHÍCULOS

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización. Nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

9.-RETIRADAS E DESCALIFICACIÓNS

Todo corredor/a que non entre na liña de meta co dorsal ben visible colocado na zona do peito ou que incumpra as normas establecidas no regulamento da Federación Galega de Atletismo e da RFEA referente a probas en ruta, poderá ser descualificado.

O servizo médico da competición está facultado para retirar da carreira a calquera atleta que manifeste un mal estado físico.

As reclamacións ós resultados oficiais, deberán formularse verbalmente ó Xuíz Arbitro da Competición non mais tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos

10.- OUTROS

ASISTENCIA MÉDICA E SEGUROS: A organización contará con servizos médicos sitos no consultorio do Val e ambulancia na zona de saída/meta desde unha hora antes do comezo das probas e ata media hora despois da finalización. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

SEGURO: Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo.

A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón:

Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores.
Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO: Todos os/as participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o/a participante consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licencia de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.